

DON MAXIMINO JARDÓN PEDRAS, Secretario do Concello de Allariz, na provincia de Ourense,

CERTIFICA: Que, o **Pleno** desta Corporación, na **sesión extraordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2016**, adoptou, entre outros, un acordo que, na súa parte dispositiva establece:

.../...

4. ORZAMENTO XERAL 2017.- Aprobación inicial, se procede.

.../...

Polo exposto,

Visto o expediente que se tramita para a aprobación do Orzamento Xeral da Entidade para o 2017 integrado polo propio do Concello e o correspondente á sociedade mercantil de capital integramente municipal, REATUR, S.A., e Medioambiental Alaricana S.L. que non prevé actividade algunha durante o exercicio.

Comprobado que na súa tramitación cumpríronse os requisitos previstos no artigo 162 e seguintes da Lei Reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así coma os artigos 18 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrolla o capítulo 1º do título 6º da citada Lei 39/88, é polo que;

De conformidade co dicatamen favorable da comisión de facenda do 07/11/2016

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable dos concelleiros do grupo municipal do BNG (8) e cvo voto en contra do grupo municipal do PP (1), ACORDA:

1º.- Aprobar o Orzamento Xeral do Concello de Allariz para 2017 integrado polos seguintes orzamentos:

a) O propio do Concello que ascende a **6.050.791 euros**, en ingresos, e igual importe en gastos, aprobándose en estado de equilibrio.

b) O da empresa de capital integramente municipal, REATUR S.A.

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

3º.- Aprobala plantilla de persoal que se estrutura en persoal funcionario, laboral fixo e laboral temporal.

4º.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento, conforme ao disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, quedando establecido en 4.039.707 euros.

5º.- Dispoñer que tra-la aprobación inicial se abra un trámite de exposición pública do expediente por prazo de 15 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados podrán examinalo e presentar reclamacións diante o Pleno. Se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións o Orzamento considerárase definitivamente aprobado; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

O presuposto, definitivamente aprobado, insertarase no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, incluíndo o propio da Entidade e tamén os das Sociedades Mercantis

Municipais, e simultaneamente remitirase unha copia á Administración do Estado e á Administración correspondente da Xunta de Galicia.

6º.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para executar os presentes acordos, podendo expedir, asinar e correxir os erros materiais e involuntarios que se observen nos documentos aprobados.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido a presente ó amparo do disposto no artigo 206 ROF, a reserva dos termos que resulten da aprobación da correspondente acta, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Allariz a 11 de novembro de 2016.

Visto e Praxe,
O ALCALDE,

